



BOP

MARTES 23 DE SETEMBRO DE 2025

N.º 219

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DISEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

Anuncio

PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2025

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día doce de setembro de dous mil vinte e cinco acordou:

Primeiro. Aprobar o acordo de concesión provisional de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2025, de acordo ao informe da comisión de avaliación e aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Que se publicará así mesmo na páxina web da Deputación.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto na base décima da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

NÚMERO DE EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE PREMIO
2025/CCP_01/000990	CLEMENTE ALVÉS VELLO	***5043**	608,00 €
2025/CCP_01/001000	SERGIO VALLEJO FOLGUEIRA	***0654**	632,00 €
2025/PES_03/007886	CRISTIAN VARELA CONDE	***8081**	414,00 €
2025/PES_03/008030	JUAN CARLOS PRIETO ARIAS	***1908**	730,00 €
2025/PES_03/008101	PABLO SÁNCHEZ SÁNCHEZ	***7985**	2.500,00 €
2025/PES_03/008155	BRAIS BASANTA DIAZ	***8391**	499,00 €
2025/PES_03/008212	SAMUEL FERNANDEZ CASABELLA	***3701**	705,00 €
2025/PES_03/008249	CARLOS RODRÍGUEZ CASANOVA	***5553**	389,00 €
2025/PES_03/008292	MARCOS DIAZ DIAS	***8011**	645,00 €
2025/PES_03/008398	HÉCTOR PEREZ FERNANDEZ	***4918**	937,00 €
2025/PES_03/008421	ADRIAN TORREIRO OCAMPO	***8454**	2.500,00 €
2025/PES_03/008422	BORJA VILANOVA RÍO	***0562**	1.058,00 €
2025/PES_03/008439	DIEGO GOMEZ MIGUELEZ	***8442**	742,00 €

2025/PES_03/008458	ANTONIO FERNANDEZ VALCARCEL	***3677**	2.177,00 €
2025/PES_03/008459	JOSE ANTONIO ALONSO LISTE	***4725**	2.500,00 €
2025/PES_03/008472	CESAR GONZALVES PEREIRA	***4832**	730,00 €
2025/PES_03/008473	RUBEN LOPEZ LOPEZ	***5304**	535,00 €
2025/PES_03/008475	MARIO SAA FERNANDEZ	***5327**	717,00 €
2025/PES_03/008478	RUBÉN SANCHEZ AGRUÑA	***5524**	401,00 €
2025/PES_03/008486	PEDRO REIJA DIAZ	***4187**	1.387,00 €
2025/PES_03/008493	RUBÉN DIAZ MORENTE	***5187**	754,00 €
2025/PES_03/008494	AITOR FERNANDEZ SAN ISIDRO	***8412**	572,00 €
2025/PES_03/008560	DANIEL HORTAS BRUZOS	***3836**	523,00 €
2025/PES_03/008574	ÁNXEL VIZOSO LÓPEZ	***9292**	766,00 €
2025/PES_03/008590	LORIS SANMIGUEL FUENTES	***9144**	596,00 €
2025/PES_03/008607	JOSÉ MANUEL LEIRADO FERNÁNDEZ	***4722**	632,00 €
2025/PES_03/008619	LUIS SANFIZ PEREZ	***4687**	365,00 €
2025/PES_03/008678	RUBÉN RIVAS LÓPEZ	***8087**	377,00 €
2025/PES_03/008679	DIEGO CAMUÑAS IGLESIAS	***8386**	2.500,00 €
2025/PES_03/008681	MARTIN BLANCO CASTIÑEIRA	***8456**	511,00 €
2025/PES_03/008688	ANDRES MONTERO NEIRA	***9273**	487,00 €
2025/PES_03/008750	DARIO AMORIN GOMEZ	***5185**	973,00 €
2025/PES_03/008752	FRANCISCO DORADO VIZCAINO	***5176**	1.228,00 €
2025/PES_03/008767	CESAR DIAZ PEREZ	***4577**	547,00 €
2025/PES_03/008771	DAVID JIMENEZ JIMENEZ	***9024**	389,00 €
2025/PES_03/008802	IAGO ALVAREZ TORRÓN	***5791**	414,00 €
2025/PES_03/008813	BRAIS RIGUEIRA MONTES	***8227**	1.654,00 €
2025/PES_03/008814	DAVID RODRIGUEZ BARREAL	***6801**	961,00 €
2025/PES_03/008818	DIEGO FENTE CABO	***7497**	1.083,00 €
2025/PES_03/008828	MIGUEL RATON SOENGAS	***6895**	705,00 €
2025/PES_03/008832	FRANCISCO RIGUEIRA FERNANDEZ	***4870**	633,00 €
2025/PES_03/008833	RUBÉN CELA GARCIA	***5758**	1.642,00 €
2025/PES_03/008834	FERNANDO VARELA COSTOYA	***0315**	900,00 €
2025/PES_03/008842	SHIRLEY MARIA FERNANDEZ BELLAS	***8342**	2.500,00 €
2025/PES_03/008956	BORJA BESTEIRO DOVAL	***8696**	560,00 €

2025/PES_03/009098	RUBÉN SANTAS LÓPEZ	***4680**	876,00 €
2025/CCP_01/000997	FRANCISCO LOPEZ RIVAS	***4950**	1.046,00 €
			45.000,00 €

DESESTIMADAS

NÚMERO DE EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE PREMIO
2025/PES_03/008887	ALBERTO LOPEZ FERNANDEZ	***5483**	BASE 2B Requisitos deportivos (certificación federativa: non acredita tenza de licenza federativa 2025)
2025/PES_03/008672	FRANCISCO LOPEZ LOPEZ	***8131**	BASE 2B Requisitos deportivos (certificación federativa: non acredita tenza de licenza federativa 2025)
2025/PES_03/007838	VICENTE RODRIGUEZ SILVOSA	***3644**	Base Cuarta. Desestimada por non acadar a puntuación suficiente para lograr importe mínimo (valor en euros de punto x puntos totais solicitante)
2025/PES_03/008546	HÉCTOR GALLEGO CASTRO	***4620**	Base Cuarta. Desestimada por non acadar a puntuación suficiente para lograr importe mínimo (valor en euros de punto x puntos totais solicitante)
2025/PES_03/008567	MARCIAL CELA LÓPEZ	***4647**	Base Cuarta. Desestimada por non acadar a puntuación suficiente para lograr importe mínimo (valor en euros de punto x puntos totais solicitante)
2025/PES_03/008676	FRANCISCO RODRIGUEZ LOPEZ	***4249**	Base Cuarta. Desestimada por non acadar a puntuación suficiente para lograr importe mínimo (valor en euros de punto x puntos totais solicitante)
2025/PES_03/008692	DANIEL MELLADO GARCIA	***9486**	Base Cuarta. Desestimada por non acadar a puntuación suficiente para lograr importe mínimo (valor en euros de punto x puntos totais solicitante)

De acordo coa base décima, ACORDOS DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓNS. Acordo de concesión provisional, das bases da convocatoria, procédese á notificación aos interesados/as do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados/as poidan presentar alegacións.

Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 d outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo de concesión provisional do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O que se notifica para os efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), facendo saber que contra esta resolución, por tratarse dun acto de trámite, non caberá ningún recurso en virtude do establecido no artigo 112 da LPACAP, sen prexuízo de que realicen cantas alegacións estimen pertinentes en favor dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Lugo, 16 de setembro de 2025.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2585

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación Municipal, na sesión ordinaria celebrada o día 19 de setembro de 2025, o expediente de modificación de créditos núm. 18 /2025, (3º de competencia do Pleno), dentro do vixente Presuposto municipal, por un importe total de Cento vinte un mil cincocentos cincuenta e tres con vinte un (121.553,21) euros, en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2609

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 19 de setembro de 2025, a modificación das bases de execución do orzamento para este exercicio de 2025, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - e disposicións concordantes, expónse ó público na secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles - que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia - a fin de que durante o mesmo, os interesados, poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que se dirixirán ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

No suposto de non presentarse reclamacións o acordo inicial entenderase elevado a definitivo.

Begonte, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 2610

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO ACTO DE BENVIDA SOCIAL OU BAUTISMO CIVIL DE CASTROVERDE. Exte153/2025

O pleno do Concello de Castroverde en sesión ordinaria de data 03.07.2025 aprobou inicialmente a "Ordenanza reguladora do acto de benvida social ou bautismo civil de Castroverde", ordenándose a súa publicación segundo o disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local aos efectos de presentación de reclamacións e suxerencias.

Téndose publicado o dito acordo no Boletín Oficial da Provincia núm160 do 14 de xullo, non houbo reclamacións nin suxestións elevándose a definitiva sen necesidade de acordo plenario e cuxa parte dispositiva é do seguinte teor literal:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da benvida social ai municipio ou bautismo civil de Castroverde que obra no expediente.

SEGUNDO. Someter a dita Ordenanza municipal a información pública, con publicación de anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro electrónico de anuncios do Concello, polo prazo de trinta (30) días hábiles, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

ORDENANZA REGULADORA DA BENVIDA SOCIAL AO MUNICIPIO OU BAPTISMO CIVIL DE CASTROVERDE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En España produciuse un gran cambio social e ideolóxico, desde o recoñecemento á liberdade relixiosa a través do artigo 16 da Constitución Española e este cambio produciuse nun curto período de tempo. A tolerancia que trouxo a sociedade democrática comporta o dereito de que ninguén sexa criticado por optar libremente, en función das súas crenzas relixiosas ou morais, en asumir compromisos persoais e celebrar cerimonias e ritos conforme á pluralidade de confesións.

O Concello de Castroverde, con fundamento nos artigos 10, 14 e 16 da Constitución Española, considera que unha das vías adecuadas para a formación do individuo é facilitar e potenciar a conciencia de pertenza ao seu Municipio e á súa cidadanía, e o nacemento é a chegada e incorporación á comunidade dun novo membro cun conxunto de dereitos e obrigacións que como cidadán correspóndenlle.

De tal maneira, e como é de público e notorio coñecemento, numerosos municipios instauraron a celebración desta cerimonia (de carácter formal, protocolaria e carente de efectos civís) mediante a aprobación de ordenanzas municipais, atopando o seu fundamento xurídico na promoción de actividades culturais, o desenvolvemento da participación cidadá e o desenvolvemento de valores cívicos no ámbito da comunidade veciñal (art. 25.2.m e ñ da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-), entendidos en sentido amplo.

O establecemento e ordenación mínima desta cerimonia, como tal acto administrativo, require a aprobación dunha Ordenanza Municipal que a regule. Tanto en canto aos seus destinatarios, a súa tramitación administrativa e as condicións de celebración do acto formal en cuestión, así como, no seu caso, a creación do rexistro administrativo de inscrición dos interesados e actas. Esta regulación que se plasma formalmente nesta ordenanza, recoñece a posibilidade da súa realización e as condicións de acceso por parte dos veciños, con base no art. 18.1.c) LRBRL que recoñece expresamente como dereito dos veciños ao utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e iso “conforme ás normas aplicables”.

De tal maneira, esta Ordenanza Municipal, vén a regular o seu establecemento, así como as condicións de acceso e prestación.

ARTIGO 1.- Obxecto da Ordenanza

O obxecto desta Ordenanza é a regulación de celebración en locais municipais do Concello do bautizo civil dun neno/a, entendido como cerimonia civil de benvida ou acollemento social á comunidade veciñal que constitúe este Municipio e que consistirá, esencialmente, nun acto solemne mediante o cal os pais, nais ou titores que o soliciten poidan presentar á citada comunidade veciñal ao seu fillo/a menor de idade e facer público o seu compromiso de educarlle nos valores cívicos da dignidade das persoas. No devandito acto daráselle a benvida como membro activo da mesma. Así mesmo, anotarase tal celebración no Rexistro creado para o efecto.

Os actos de bautizo civil ou benvida non terán valor administrativo e si simplemente social e de afirmación de valores e compromisos de igualdade e liberdade.

ARTIGO 2.- Lugar de Celebración

O Concello destinará un lugar adecuado e digno para a celebración do acto, preferentemente o Salón de Plenos.

O/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue, poderán autorizar o uso de calquera dos espazos reservados para os bautizos civís, previa recepción da documentación que debe remitir a persoa ou familiar do neno/a que vaia a ser bautizado civilmente.

ARTIGO 3.- Solicitude para a Celebración do Acto e Documentos

A cerimonia realizárase previa solicitude escrita dos pais, nais ou titores, segundo o ANEXO I, formulada cunha antelación mínima de 10 días hábiles, sendo requisito que quen vaia a recibir o bautismo civil ou benvida social sexan menores de seis (6) anos de idade.

As solicitudes deberán conter:

- Nome, apelidos, domicilio e identificación da/s persoa/s que solicita a autorización da celebración, con copia auténtica do DNI. Caso de que exista matrimonio, parella de feito ou recoñecementos de ambos proxenitores, requirirase que a solicitude estea asinada por ambos os cónxuxes.
- Copia auténtica do libro de Familia no que conste o neno/a ou documento substitutivo que acredite a filiación.
- Acreditación do empadramento do menor na localidade con algún dos pais/titores, mediante achega de certificado de empadramento e convivencia.
- Nome e apelidos do neno/a para o que se pretende celebrar o bautizo civil.
- Día e hora da preferencia para a celebración do bautizo civil aínda que esta preferencia non representará un dereito.
- Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade por calquera medio.
- Observacións acerca das preferencias sobre o acto para celebrar, tal como o desexo de pronunciar unhas palabras e previsión de intervencións, así como previsión aproximada de asistentes e elementos materiais, no seu caso, que se pretendan utilizar (flores, se se necesita megafonía, mesas, cadeiras, se se prevé a realización de reportaxes fotográficas e/o de vídeo etc.).

ARTIGO 4.- Procedemento

A data e hora da celebración do acto civil será fixado polo/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue, atendendo na medida do posible os desexos dos solicitantes.

Para atender as peticións, terase en conta orde de presentación das solicitudes e terase en conta, así mesmo, na medida do posible, á orde de preferencias de días e horas indicadas por cada solicitante. Poderá non atenderse a esta orde cando se dean circunstancias obxectivas de extraordinaria e urxente necesidade ou de coincidencia con peticións anteriores. En todo caso, a extraordinaria e urxente necesidade, discrecionalmente apreciada pola Alcaldía ou o Concelleiro Delegado deberá estar motivada e deberá oírse a quen viu alterado o seu dereito.

Á vista da solicitude, o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue, determinará o local do Concello no que se vaia a realizar o bautizo civil.

A cerimonia, dirixida polo/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en quen delegue, realizarase no horario que a tal fin establézase por resolución da Alcaldía; e, a falta de resolución expresa, no mesmo horario que as cerimonia de matrimonio.

ARTIGO 5.- Desenvolvemento do acto.

5.1.- O contido formal da cerimonia poderá ser convido previamente cos solicitantes sobre criterios de respecto aos valores sociais e a dignidade do neno/a, pais ou titores e asistentes, aínda que será potestade da Alcaldía a conformidade.

5.2.- No seu defecto, o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en que delegue, o día e hora da sinalización no lugar de celebración, e previa identificación do menor e os comparecentes interesados, dará comezo á celebración do acto dando a benvinda aos presentes.

De seguido, fará referencia aos artigos da lexislación vixente que determinan o dereito dos peticionantes, e aqueles outros que permiten a intervención administrativa, unido a unha breve explicación para coñecemento dos asistentes.

A normativa de aplicación e interese resulta ser a seguinte:

5.2.a – ARTIGO 29 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA: *“Todos os españois terán o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei”.*

O dereito de petición é un dereito fundamental cuxa titularidade corresponde a toda persoa física ou xurídica, con independencia da súa nacionalidade, e que vén recollido no artigo 29 da Constitución e desenvolvido na Lei Orgánica 4/2001. É este un dereito que se pode exercer de forma individual ou colectiva e consiste na facultade de dirixirse aos poderes públicos para, ou ben poñerlles en coñecemento de certos feitos, ou reclamarlles unha intervención, ou ambas cousas á vez.

Así, o espírito da norma vese reflectido claramente nesta cerimonia. Os peticionantes (pais ou titores) diríxense aos poderes públicos, neste caso o noso Concello, para poñelo en coñecemento do feito do nacemento dun/a menor, reclamando a súa intervención para a posta en coñecemento dese “feito” transcendente aos veciños.

5.2.b – ARTIGO 16.1 DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA: *“Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei”*

A liberdade que protexe o artigo 16.1 resulta especialmente relevante. Iso, por canto garántese a liberdade “ideolóxica”, e nun mesmo plano a liberdade “relixiosa e de culto”. É así que os aquí solicitantes e calquera cidadán ten dereito a decidir libremente, para si mesmo ou para os menores ao seu cargo, a celebración dunha cerimonia relixiosa, ou ben, como neste caso, a dunha cerimonia civil. A nosa constitución protexe a liberdade de elección e o Concello de Castroverde atende e reivindica o exercicio da devandita liberdade, outorgando aos veciños a posibilidade de elixir esta forma civil de presentación dos menores en sociedade.

5.2.c – ARTIGO 25.1 e 25.2.m DA LEI 7/1995 REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL

ARTIGO 25.1 - O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

Está claro, e é o fundamento e orixe da normativa municipal que rexe os requisitos e forma deste acto, o feito de promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúen decididamente a satisfacer as necesidades e aspiracións da nosa comunidade veciñal, dando con iso resposta a numerosas solicitudes en tal sentido, que atopan agora o seu leito na regulación e concreción desta cerimonia civil de presentación.

ARTIGO 25.2. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias

m) Promoción da cultura (...)

5.2.c – De seguido, o/a ou Concelleiro/a en que delegue presentará en sociedade ao/a menor, coa seguinte fórmula:

Citando sucintamente as normas aplicables, en orde ás competencias que me veñen atribuídas no meu carácter de (Alcalde/sa ou Concelleiro/a en que delegue), e cumpríndose coas formalidades e requisitos previstos na Orde Municipal que regula este acto, atopámonos aquí reunidos, por expreso pedido e desexo de (pai/nai/titor) para presentar en sociedade a (nome do menor).

De seguido, o actuario formulará a (pai/nai/titor) a seguinte pregunta:

(pai/nai/titor), comprometédesvos publicamente a educar ao voso fillo/a en valores de paz, liberdade e xustiza social; inculcándolle o respecto á igualdade, á diversidade da persoas, aos seus maiores, ás persoas con capacidades diferentes; e en xeral, comprometédesvos a procurar formalo como cidadán responsable, que integre e mellore a nosa comunidade veciñal?

5.2.e – Concluída a presentación formal do menor, o Alcalde/sa ou Concelleiro/a en que delegue, convidará os solicitantes, e a dúas persoas maiores de idade presentes no acto que oficiarán como “testemuñas” voluntarias, a proceder á sinatura da ACTA correspondente, en modelo normalizado segundo ANEXO II e que se denominará “CARTA DE BENVIDA SOCIAL”. A mesma estenderase por duplicado, entregándose un exemplar aos interesados e conservando o restante, que será incorporado posteriormente ao rexistro administrativo que se creará para o efecto.

5.2.f – O/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en que delegue, concederá a (pai/nai/titor) a quenda de palabra.

5.2.g – Concluído o uso da palabra por (pai/nai/titor), o/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a en que delegue pechará formalmente o acto.

5.3.- A cerimonia será dirixida polo/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a no que delegase, que en todo caso terá a facultade de dirección do acto.

Quen dirixa a cerimonia, co obxecto de preservar a dignidade do acto e co obxecto de que se desenvolva con normalidade, poderá chamar á orde aos asistentes e adoptar as medidas que estime oportunas, incluso a expulsión do Salón de quen non garden un comportamento respectuoso cos demais.

ARTIGO 6.- Acta da Cerimonia

Da Cerimonia levantarase a correspondente acta que levará o nome de “Carta de Benvida Social” e que estenderá quen a dirixa, na que constarán a data e a hora, a mención do/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a que leve a cabo a mesma, os datos persoais de quen o solicitase e do menor. A acta así estendida será asinada por quen a dirixira, polos pais/titores e por polo menos dúas testemuñas.

As actas inscribíranse no Rexistro correspondente creado para o efecto coas proteccións e garantías necesarias suxeitándose estritamente á normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal. Con todo, calquera pai/nai/titor solicitante pode esixir que as inscricións que se realicen no Rexistro sexan secretas.

Os interesados poderán solicitar certificacións das actas da Cerimonia que serán expedidas polo Secretario do Concello, co visto e praxe do Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, e darán fe do contido das devanditas actas.

ARTIGO 7.- Outros aspectos

Deberanse cumprir as seguintes condicións:

- Que o nenos/as obxecto do bautizo civil ou benvida social sexan menores de seis (6) anos de idade.
- Os asistentes deberán coidar as instalacións e non cometer ningún acto que poida supoñer deterioración ou menoscabo das dependencias municipais, estando prohibido ademais lanzar calquera tipo de obxecto.
- Se se fan fotografías ou gravacións audiovisuais deberá contarse coa aquiescencia do representante do menor e realizaranse de tal maneira que non menoscabe a solemnidade da cerimonia.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a recepción do acordo pola Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia e unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación

ANEXO I**SOLICITUDE DE CELEBRACIÓN DE ACTO DE BENVIDA SOCIAL**

Actuando en nome propio, e en representación do/a menor os pais/nais/titores legais,

Nome:	1º apelido:	2º apelido:
NIF/NIE:	Domicilio:	Municipio:
Código postal:	Provincia:	Teléfono móbil:

Nome:	1º apelido:	2º apelido:
NIF/NIE:	Domicilio:	Municipio:
Código postal:	Provincia:	Teléfono móbil:

Ante o Concello de Castroverde comparecen e como mellor proceda DI

Que é intención dos arriba mencionados a celebración do Bautizo Civil do/a menor:		
Nome:	1º apelido:	2º apelido:
NIF/NIE:	Data de nacemento:	
Que de conformidade coa Ordenanza correspondente e demais normativa aplicable, acompañanse a esta solicitude os seguintes documentos: ☐ Copia auténtica do DNI dos interesados. ☐ Copia auténtica do Libro de Familia. ☐ Certificado de Empadramento.		
Observacións:		

En virtude de todo iso **SOLICITAMOS**

Que, previos os trámites que resulten oportunos se proceda polo Concello á celebración da cerimonia de Bautizo Civil ou Benvida Social, propoñendo para iso, o día ____ do mes _____ de 20____ e que se celebre en _____ do municipio de Castroverde

En Castroverde, a ____ de _____ de 20____.

SINATURA DOS SOLICITANTES (Pais/Nais/Titores Legais):

Asdo. D./D.^a _____

DNI:

Asdo. D./D.^a _____

DNI:

ANEXO II**CARTA DE BENVIDA SOCIAL (MODELO)**

D. _____, (Alcalde/Concelleiro delegado) do Concello de Castroverde,

EXPOÑO

Que, no _____ desta localidade, ás ____ horas do día ____ de _____ de 20____
celebrouse o acto de benvida social do/da menor _____ nado/a
o día ____ de _____ de _____, en _____, fillo/a de:

D. /D.^a _____, DNI/NIE n.º _____, residente en _____

D. /D.^a _____, DNI/NIE n.º _____, residente en _____

E que actuaron como testemuñas da cerimonia:

D/D.^a _____, DNI/NIE n.º _____, residente en _____

D./D.^a _____, DNI/NIE n.º _____, residente en _____

Co compromiso de todos/as para que sexa educado/a nos valores de paz, liberdade e xustiza social, expresando a nosa adhesión á Carta Europea de Protección dos Dereitos Humanos e á Declaración Universal dos Dereitos Do Menor.

Como [Alcalde/Concelleiro Delegado] estendo a presente Carta de Benvida Social para que produza os efectos oportunos, e envíese unha copia ao Rexistro correspondente creado para o efecto, coas proteccións e garantías necesarias suxeitándose estritamente á lexislación de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Desta Carta da Cidadanía entrego copia a cada un dos pais ou titores legais como documento acreditativo, unha vez que esta fose asinada polos pais, as testemuñas e eu mesmo, que dou fe.

En _____, a _____ de _____ de 20_____.

O Alcalde/ Concelleiro Delegado

Os pais/nais

As Testemuñas

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 citada, e transcorrido o prazo do artigo 65.2 da citada lei, esta ordenanza entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, o texto íntegro definitivo atópase publicado no portal de transparencia municipal, no seguinte enlace: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/transparency/1660a50f-64d1-48ec-90fc-9718f5832ca9/>, de conformidade co disposto nos artigos 7 c da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 46 en relación co artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa.

Castroverde, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2611

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 9 de setembro de 2025, aprobáronse as liquidacións dos recibos de subministro de auga, depuración e saneamento e o Padrón das taxas recollida lixo e canon de auga para o 4º bimestre de 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 20 setembro de 2025 e o 20 de novembro de 2025.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 9 de setembro de 2025.- O ALCALDE, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2586

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **AGOSTO 2025**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência e dependencia correspondente a mes de **AGOSTO DE 2025**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrência: 3.240,63 €

- Modalidade dependencia: 4.924,34 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as

reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **agosto** de 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 10 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2587

LUGO

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local 11/373, adoptado na sesión celebrada o 17/09/2025 polo que se dispón a **APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS COMPETITIVAS 2025 DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS QUE REALIZAN ACTIVIDADES NA ESFERA DA PARTICIPACIÓN SOCIAL**, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo 11/373 da Xunta de Goberno Local no cal dáselle redacción definitiva ás Bases Reguladoras:

“PRIMEIRO.- A aprobación da convocatoria para o exercicio 2025 de subvencións na Área de Participación e Servizos para a Veciñanza, dirixidas ás asociacións veciñais do termo municipal de Lugo, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do Concello, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- A aprobación do gasto de 22.500,00 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte do Servizo de Participación e Atención Cidadá con cargo á aplicación orzamentaria 92400.48900.

TERCEIRO.- A aprobación da normativa reguladora da presente convocatoria que se rexerá polo establecido nas seguintes **BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑAS E VECIÑOS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA ESFERA DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O EXERCICIO 2025**

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo na Área de Participación e Servizos para a Veciñanza e vai dirixida ás asociacións de veciñas e veciños do termo municipal de Lugo, entendidas como tales aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, coa categoría de *veciñal*, para a realización de actividades relacionadas co fomento do asociacionismo e a democracia participativa a través do desenvolvemento de actividades neste ámbito.

Concretamente, irá dirixida as seguintes liñas de actuación para realizar no exercicio 2025:

Liña 1. Proxectos de utilidade pública e interese social, orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do concello, comprendidas no seu ámbito competencial e que o veñan a complementar, tomando como referencia as seguintes liñas:

- Actividades que fomenten o asociacionismo e a implicación da cidadanía nos procesos de participación social.

- Eventos, xornadas e actividades culturais e de formación, difusión, concienciación e debate de temáticas de interese social, igualdade de homes e mulleres, saúde pública, no ámbito da participación social.
- Programas de integración de grupos vulnerables na vida social, que contribúan a facilitar a convivencia e que fomenten a responsabilidade social e a solidariedade.
- Actividades de recuperación da historia social da cidade, das súas xentes, dos seus logros, das tradicións locais, e de dinamización social dos barrios.
- Proxectos dirixidos a fomentar o uso de espazos de encontro virtual, e/ou fundamentados na utilización das novas tecnoloxías como vehículo de participación e traballo en equipo a través dos cales poder desenvolver a actividade asociativa e de participación dixital (desenvolvemento da súa conectividade).

Liña 2. Gastos de mantemento, pequena reparación e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas para desenvolver dentro do programa anual.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “*gastos subvencionables*”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias. Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, coa categoría de veciñal, cunha antigüidade superior a UN ANO.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ter xustificados debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da Participación cidadá.
- Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de Participación cidadá realizada pola Área de Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2025.
- Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva referido ao ano 2025.
- Non utilizar a imaxe da muller como reclamo, con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Área	Aplicación orzamentaria	Importe
Participación e Servizos para a Veciñanza	92400.48900	22.500,00 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

- As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal “considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda”.

- A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse asimesmo no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

- Solicitud, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúe:
 - O compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada.
 - A autorización ao Concello para comprobar nas diferentes administracións os datos tributarios e outras informacións declaradas.
 - Memoria explicativa da actividade ou programa a subvencionar con inclusión da relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. que se deberá cumprimentar no caso de que se solicite subvención de acordo coa **Liña 1**, que poderá vir acompañada do proxecto que se estime máis convinte a fin de acadar unha mellor avaliación.
 - Memoria explicativa coa descrición do gasto de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas a desenvolver dentro do programa anual, a cumprimentar no caso de que se solicite subvención acorde coa **Liña 2**.
 - Táboa declarativa dos datos necesarios para proceder á valoración dos criterios establecidos no artigo 8 das presentes bases, que deberá vir acompañada da xustificación que se indica en cada caso.
 - Declaración responsable, acreditativa dos seguintes extremos:
 1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.
 3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou no seu caso (aquelas nas que a cuanto a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros) incorporar ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de la Lei 38/2003, Xeneral de Subvenciones.
 4. De que a entidade non se atopa inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.
 5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións na entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
 - a) Certificacións acreditativas do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social. No caso de que a contía solicitada pola Entidade beneficiaria non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros, stas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable.
 - b) Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.
 - c) Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.
 - d) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.
 - e) Calquera outro documento ou memoria de proxecto que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitud.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, e de non cumprir dito requirimento, terase por desistido da súa solicitud, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Dado o carácter competitivo do procedemento, **advírtese expresamente** de que en ningún caso se concedera prazo para a mellora da documentación valorable e puntuable; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos no artigo 8 "criterios de valoración e contía da subvención" implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

- As solicitudes de subvención formuladas para as subvencións previstas nestas bases que teñan entrada no Rexistro electrónico do Concello serán dirixidas ao Servizo de Participación e Atención cidadá, Sección de Participación e Mercados.

- O procedemento para a tramitación das solicitudes de subvención que se formulen conforme ás presentes bases, instruírse no Servizo de Participación e Atención cidadá, Sección de Participación e Mercados, polo técnico ou técnica competente do dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, de data 26.07.2023.

Comisión avaliadora:

Composición:

- Presidente/a: Xefa de Servizo de Participación e Atención Cidadá ou persoa que a substitúa.
- Vogal: Traballador/a do Servizo de Participación e Atención cidadá.

Traballador/a do Servizo de Intervención

Secretario/a: Xefe/a de Sección de Participación cidadá e Mercados ou ben Xefe/a de Sección de Atención cidadá ou persoa que as substitúan.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións:

Emitir o ditame no que se concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

Órgano instrutor: funcións:

- Requirirlle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles enmende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

- Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

- Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

- O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, competencia delegada nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de Área e nas/os Concelleiras/ros delegadas/os conforme acordo da Xunta de Goberno Local 28/452, de data 17/06/2019..

- Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quinze días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederase á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Núm.	Criterio de valoración	Puntuación
1	Local social exclusivo para uso da entidade (aluguer ou propiedade)(*)	1
2	Realización de actividades de autofinanciación da entidade a maiores do 10% sinalado como obrigado no artigo 11 das bases reguladoras (ingresos derivados de accións orientadas á obtención de recursos propios). - Cotas regulares de socios - Outros ingresos (Valorarase 1 puntos por cada item)	2
3	A renovación de postos directivos nos últimos 5 anos (deberá estar comunicado á Sección de Participación).(*)	1
4	Análise da Memoria de actividade proposta (**): ▪ Correcta definición da actividade ou actividades a realizar: contidos claros e coherentes. ▪ Identificación dos obxectivos que se espera obter, acordes cos fins da entidade. ▪ Adecuación das actividades ás liñas de actividade prioritarias e ao sector destinatario. ▪ Proporcionalidade entre recursos necesarios e fins perseguidos. (Valorarase 2 puntos por cada item)	8
5	Actividades a realizar segundo a Memoria presentada: ▪ As que estean orientadas hacia o uso das novas tecnoloxías e/ou a diminución da brecha dixital ▪ As que estean orientadas hacia a integración na vida cultural e participativa da cidade de colectivos vulnerables do barrio ou sector xeográfico da asociación . ▪ As que estean orientadas á formación en dinámicas de participación social no barrio ou sector xeográfico da asociación. (Valorarase 2 puntos por cada item)	6
2	Promoción por parte da entidade ou a súa participación, con carácter gratuíto, en accións de actividades específicas para promover a igualdade entre xéneros.(*)	2
	Número puntos máximo	20

A valoración de cada un dos criterios, con especial atención aos sinalados (*), deberá ir precedida da xustificación documental do seu cumprimento (Ver Anexo I).

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario calcular o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS distribuirase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

Denegarase a subvención a aquelas entidades cuxos proxectos, unha vez avalidados, non acaden unha puntuación mínima igual ou superior ao 30% da puntuación máxima (6,00 puntos)

En calquera caso, o importe total da subvención individual non poderá ser superior a 2.000 euros.

Non se poderá solicitar subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción para a que se solicita subvención, segundo o orzamento presentado, xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade e non pode ser subvencionado por parte doutras entidades públicas ou privadas nacionais ou estranxeiras.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2025. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

a) Gastos de persoal (inclúe minutas de conferenciantes, monitores e outros profesionais de cursos) prestación de servizos culturais; vestiario; gastos de desprazamento/aloxamento imprescindibles para o desenvolvemento da actividade a realizar; alugamentos; material expositivo non inventariable ou todo o necesario para o desenvolvemento da actividade, ata un máximo do **80%** do importe do orzamento que se presente e que sexa obxecto de valoración.

▪ Gastos de publicidade e imprenta, fotocopias, consumibles de oficina e de outra índole, así como gastos relativos a transporte e locomoción (xustificables con facturas de combustible que identifiquen o vehículo titularidade da entidade ou do socio a quen se lle faga a encomenda, ou no seu caso con factura de establecemento hostaleiro). Estes gastos non poderán superar o **20%** do orzamento que se presente e que sexa obxecto de valoración.

▪ Gastos funcionamento e mantemento do local social: os gastos de pequena reparación e/ou mantemento de bens propios ou alugados e subministros (luz, gas, wifi, teléfono) do local que constituía a sede social da entidade, que sexa do seu uso exclusivo, sempre e cando sexan precisos para o desenvolvemento da programación anual de actividades.

2. Non serán subvencionables:

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.
- Os impostos e taxas municipais.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar a través de medios electrónicos nos termos dispostos no artigo 4 das presentes bases, a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento:

a) Memoria explicativa o máis detallada posible da realización da totalidade da acción subvencionada, segundo o modelo que figura nestas bases como ANEXO II do cal cumprimentarase o relativo á actividade subvencionada ou ben aos gastos de mantemento, dependendo da liña de subvención concedida.

Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión, data de pagamento e porcentaxe de imputación á subvención.

Deberase acompañar, se é o caso, dun exemplar de cada un dos **folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.**

O Concello de Lugo poderá requirir da/o beneficiaria/o a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de **desprazamento/aloxamento deberán especificarse as persoas usuarias, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e coa entidade beneficiaria da subvención.** Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, cos límites previstos no artigo 9.

b) Asimesmo, no caso de que entre o orzamento presentado coa solicitude e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que consta no indicado ANEXO II, tanto para a Liña 1 como para a Liña 2 da subvención.

En todo caso, o orzamento realmente executado **non poderá ser inferior ao 80%** do que foi presentado e avaliado para a concesión da subvención.

c) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e Rd 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios: Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira. **En todo caso estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra o Fraude Fiscal, que establece que "Non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional, con un importe igual ou superior a 1.000 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira".**

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental da persoa perceptora das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares, xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. En todo caso deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente.

d) Declaración responsable; segundo o modelo contido no devandito ANEXO II

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- De que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.
- De que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- Que o persoal que desenvolve as súas funcións na asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.
- Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva.

e) O cumprimento das obrigas tributarias mediante certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. (En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaranse de oficio logo da autorización segundo o ANEXO I).

Naqueles casos nos que a cuantía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros, incorporarase ao expediente declaración xurada por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeneral de Subvencións.

h) No caso de solicitar e/ou recibir outras Subvencións ou axudas por parte doutras Administracións ou Entidades, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da mesma finalidade da actividade que se subvenciona, copia da relación de gastos presentada na Entidade correspondente (con xustificante de presentación) que acredite os gastos que foron presentados para a xustificación das mesmas. Se no momento da presentación da xustificación desta subvención non é posible a aportación de dita relación, deberase presentar Certificación expedida polo Secretario da Entidade coa relación de gastos a presentar ante os outros axentes financiadores.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou

acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10% do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día. Enténdese que a esixencia de xustificación de gastos relativo ao 10%, refírese ao 10% do orzamento da actividade presentadas con independencia do gasto efectivo total devengado, por canto ten incidencia na valoración da actividade. As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación totalizada de gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma, segundo modelo contido no ANEXO II

De non ter xustificado o importe necesario aos efectos de cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria, se ben **entenderase non cumprida a finalidade subvencionada** e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederán, no seu caso, dacordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...
- Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2025.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de decembro de 2025**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2. As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3. O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4. A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Aos ditos efectos, logo da tramitación previa do expediente oportuno, poderanse impoñer as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requirimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II

ANEXO I.- Modelo normalizado de Solicitude de subvención

ANEXO II.- Modelo Normalizado para a Xustificación da Subvención.

ANEXO I**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN****CONCELLO DE LUGO****SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ 2025.****DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE**

NOME:		CIF:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
ENDEREZO SOCIAL:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:	NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN:	
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	

DESCRICIÓN DO LOCAL SOCIAL

M2	Núm. Habitáculos/distribución
Ubicación	
Utilización exclusivo para uso da asociación.	

PROGRAMACIÓN ANUAL DA ASOCIACIÓN PARA O EXERCICIO 2025

(nome e breve descripción de todas e cada unha das accións que a asociación vai desenvolver):

--

MEMORIA PARA A FASE DE VALORACIÓN

1. Local social exclusivo para uso da entidade (aluguer ou propiedade)	Puntos
A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade? NON ☐ SI ☐ * (*) <i>Achegar xustificación documental do alugueiro, propiedade ou cesión.</i>	
2. Realización de actividades de autofinanciación da entidade	
A Asociación realiza actividades de autofinanciación? NON ☐ SI ☐ * cuotas de socio/a ☐ Outras actividades de financiación ☐ Especificar_____ (*) <i>Deberá achegar certificación da tesourería da entidade bancaria dos ingresos obtidos ou da actividade de financiamento realizada.</i>	
3. Indicar cando se realizou a última renovación de postos directivos Ano: (*) <i>Comprobación na documentación que consta no Servizo de Participación</i>	
4.5. Análise da Memoria de actividade e Tipo de actividades a realizar (*) <i>Valoraranse segundo o contido do Anexo I</i>	
6. Participación da entidade, en accións ou actividades específicas para promover a igualdade entre homes e mulleres.	
A Asociación participa ou promove actividades específicas en defensa da igualdade entre homes e mulleres? NON ☐ SI ☐ * Denominación da actividade: (*) <i>Deberá achegar evidencia documental que acredite a súa realización (dípticos, folletos, cartaces, publicacións ou calquera outro documento xustificativo)</i>	

LIÑA 1 DE SUBVENCIÓN**REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES****DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN**

DENOMINACIÓN:	
ORZAMENTO:	IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA: (Non poderá superar o 90% do orzamento total)

A QUEN VAI DIRIXIDA A ACTIVIDADE a SUBVENCIONAR (Breve descrición do colectivo ao que vai dirixido).

1. Poboación por tramos de idade: ☐ Infancia (0 a 10 anos) ☐ Adolescencia (11 a 17) ☐ Idade adulta (18 a 64) ☐ Terceira idade (65 a 80) ☐ Máis de 80 anos	2. Poboación por ocupacións: ☐ Poboación estudante. ☐ Poboación traballadora: sector primario, secundario ou terciario. ☐ Poboación pensionista.	3. Poboación que pertence a colectivos desfavorecidos: ☐ Terceira idade. ☐ Minorías étnicas. ☐ Persoas en risco de exclusión social.
--	---	---

MEMORIA DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR (nome e descrición pormenorizada de cada unha das accións concretas da actividade)

--

MOTIVOS POLOS QUE SE DESENVOLVE ESTA ACCIÓN E BENEFICIOS QUE SE PRETENDEN ACADAR

--

LUGAR PREVISTO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

--

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se van a realizar as actividades e accións preparatorias)

--

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

a) Recursos materiais

b) Recursos humanos

c) Recursos económicos (orçamento detallado previsto e necesarios para o desenvolvemento da actividade. Incluir gastos financiáveis e non financiáveis)

INGRESOS		GASTOS	
Concepto	importe	Concepto	Importe
Importe total de ingresos		Importe total de gastos	

LIÑA 2 DE SUBVENCIÓN

GASTOS DE MANTEMENTO

(cubrir só no caso de que se solicite subvención para gastos de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas a desenvolver dentro da programación anual)

DESCRICIÓN DOS GASTOS

XUSTIFICACIÓN A SÚA NECESIDADE

ORZAMENTO DETALLADO PREVISTO E GASTOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN A SUBVENCIONAR (incluír gastos financiáveis e non financiáveis)

INGRESOS		GASTOS	
Concepto	importe	Concepto	Importe
Importe total de ingresos		Importe total de gastos	

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA SOLICITAR SUBVENCIÓN

1. Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

2. A acción para a que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. A subvención a percibir destinarase íntegramente, ao financiamento da acción para a que se solicita.

4. Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

5. Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

6. O persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

O PRESIDENTE,

(Documento asinado dixitalmente na data e hora indicada ao marxe)

INSTRUCCIÓNS

- *Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a verificar os datos e informacións declaradas nas diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas.*
- *Autorizo ao Concello de Lugo a comprobar que esta entidade se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.*

Á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación:

- *Certificación da conta bancaria da asociación.*
- *Declaración responsable da Secretaría da entidade, no que consten as diferentes vogalías ou departamentos nos cales se estrutura, de ser o caso.*
- *Acordos ou actas da entidade acreditativas, no seu caso, do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.*

ANEXO II**XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN****CONCELLO DE LUGO****XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ 2025.****DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE**

NOME:		CIF:	Nº REXISTRO MUNICIPAL:
ENDEREZO SOCIAL:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS:	NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN:	
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	

PROGRAMACIÓN ANUAL DO EXERCICIO 2025

(especificar as accións programadas, con indicación de cales se desenvolveron e cales non, explicando, neste último caso os motivos)

--

LIÑA 1 DE SUBVENCIÓN

REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

MEMORIA DA ACCIÓN DESENVOLVIDA (nome e descrición pormenorizada de cada unha das accións concretas realizadas para desenvolver a actividade

OBXECTIVOS ACADADOS (resultados obtidos acordes cos fins da asociación)

IMPACTO: SECTORES QUE SE BENEFICIARON DA ACTIVIDADE

COLECTIVO DESTINATARIO (marcar o que proceda)	NÚM. PARTICIPANTES			TRAMOS IDADE (Valores aproximados)
	HOMES	MULLERES	TOTAL	
☐ Infancia (0 a 10 anos)				
☐ Adolescencia (11 a 17)				
☐ Idade adulta (18 a 64)				
☐ Terceira idade (65 a 80)				
☐ Máis de 80 anos				
☐ Poboación estudante.				
☐ Poboación traballadora				
☐ Poboación pensionista.				
☐ Terceira idade.				
☐ Minorías étnicas.				
☐ Persoas en risco de exclusión social.				

LUGAR ONDE SE DESENVOLVEU A ACTIVIDADE

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (cando se desenvolveron)

RECURSOS UTILIZADOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

a) Recursos materiais

b) Recursos humanos

c) Recursos económicos (orçamento detallado da actividade realizada)

INGRESOS		GASTOS	
Concepto	importe	Concepto	importe
Importe total de ingresos		Importe total de gastos	

RESUMEN ECONÓMICO

ORZAMENTO PRESENTADO	ORZAMENTO EXECUTADO (non pode ser inferior ao 85% do presentado)	DESVIACIÓN
CAUSAS DA DESVIACIÓN		

RELACIÓN CLASIFICADA DE TODOS OS GASTOS IMPUTADOS Á SUBVENCIÓN (tanto os financiáveis como os que non o son)

NÚM/DATA EMISIÓN FRA	DATA PAGO FACTURA.	ACREEDOR	CONCEPTO	IMPORTE TOTAL	% IMPUTADO CONCELLO	% IMPUTADO Á ENTIDADE

XUSTIFICACIÓN LIÑA 2 DE SUBVENCIÓN

GASTOS DE MANTEMENTO

BREVE EXPLICACIÓN DAS ACCIÓNS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO REALIZADAS

ORZAMENTO DETALLADO DE MANTEMENTO

INGRESOS		GASTOS	
Concepto	importe	Concepto	importe

INGRESOS		GASTOS	
Concepto	importe	Concepto	importe
Importe total de ingresos		Importe total de gastos	

RESUMEN ECONÓMICO

ORZAMENTO PRESENTADO	ORZAMENTO EXECUTADO (non pode ser inferior ao 80% do presentado)	DESVIACIÓN
CAUSAS DA DESVIACIÓN		

RELACIÓN CLASIFICADA DE TODOS OS GASTOS IMPUTADOS Á SUBVENCIÓN (tanto os financiables como os non financiables)

NÚM/DATA EMISIÓN FRA	DATA PAGO FACTURA.	ACREEDOR	CONCEPTO	IMPORTE TOTAL	% IMPUTADO CONCELLO	% IMPUTADO Á ENTIDADE

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

1. Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI

☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, esta entidade recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
TOTAL		

2. A acción para a que se solicita subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. A subvención a percibir destinouse íntegramente, ao financiamento da acción para a que se solicita.

4. Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente.

5. Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

6. As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas, na porcentaxe imputada á subvención adxudicada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

7. O persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

8. Que a entidade vai seguir desenvolvendo as súas funcións ata finais do presente exercicio económico.

O PRESIDENTE,

(Documento asinado dixitalmente na data e hora indicada ao marxe)

CUARTO.- Que se proceda á publicación do texto integro da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro electrónico municipal, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e o prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contados dende **o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**, na forma e termos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións (artigos 17.3.b, 18 e 20.8).

QUINTO.- Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición, con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que ditou o acordo no prazo de UN MES (artigos 112,123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O recurso interposto entenderase desestimado por silencio administrativo, se non houberse resolución expresa no prazo de UN MES, e quedará aberta a porta do recurso contencioso-administrativo, que deberá formularse dentro do prazo de SEIS MESES dende a data da desestimación por resolución presunta (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que o de reposición sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, segundo redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación (art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.”

Lugo, 19 de setembro de 2025.- A Tenenta de Alcaldesa, Participación cidadá e Servizos para a Veciñanza, M. Cristina López Fernández.

R. 2612

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0242, foi aprobado o PADRÓN PAI- ABRIL 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciárase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargos, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de xuño de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2588

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0243, foi aprobado o PADRÓN PAI- MAIO 2025.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de xuño de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2589

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0244, foi aprobado o PADRÓN SAF – ABRIL 2025, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de xuño de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2590

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0278, foi aprobado o PADRÓN SAF – MAIO 2025, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 1 de xullo de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2591

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2025-0320, foi aprobado o PADRÓN SAF – XUÑO 2025, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfíxeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 23 de xullo de 2025.- O Alcalde, don Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2592

*OUIROL**Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2024, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas o día doce de setembro de dous mil vinte e cinco. Durante este prazo os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212, parágrafo 4º, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Ourol, 12 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Luís Pajón Camba.

R. 2593

*OUTEIRO DE REI**Anuncio*

Confeccionado o Padrón de contribuíntes do Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente o ano 2025, expónse ó público durante o prazo de vinte días, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións.

Outeiro de Rei, 19 de setembro de 2025.- O Alcalde, D. José Pardo Lombao.

R. 2613

*A PONTENOVA**Anuncio*

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE AGOSTO 2025.

Por Resolución de alcaldía do 16 de setembro de 2025, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra esta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 13 de outubro de 2025 ao 15 de 2025**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde,

A Pontenova, 17 de setembro de dous mil vinte e cinco.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2594

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobado o PADRON de:

- Tasa SAF período AGOSTO de 2025.

Se exponen al público, en estas oficinas, por el plazo de quince días hábiles a efectos de examen y reclamaciones.

PERIODO DE COBRO EN VOLUNTARIA:

- Del 15 DE SETEMBRO 2025 ao 15 DE OUTUBRO de 2025.

MODALIDADE DE COBRO.-

O ingreso das deudas realizaranse nas oficinas de A Banca – Oficina de Portomarín, nas datas laborables de 9,00 a 14,00 horas, nas que se presentará o documento de ingreso que, a tal efecto se remite a o domicilio dos contribuíntes.

Aquelas persoas que por cualquier circunstancia non reciban ou extravíen o documento de ingreso poderán solicitar un novo nas oficinas do Concello onde expediráselles outro a efecto de levar a cabo o ingreso en ditas oficinas da A Banca.

RECURSOS.-

Contra o acordo da aprobación poderá formularse recurso de reposición ante a Comisión de Goberno, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó finalizar o prazo de exposición ao público, ou ben recurso contencioso- adm. Ante o Xulgado do Contencioso Adm. de Lugo, non podendo interpoñerse ambos recursos de forma simultánea.

Transcorrido o prazo de ingreso no período voluntario, as deudas serán esixidas polo procedemento de apremio e se devengarán os recargos correspondentes ao período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas do procedemento de apremio.

Portomarín, 15 de setembro de 2025.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2624

TRABADA

Anuncio

Faise pública a convocatoria e as bases para a reapertura de bolsa de emprego para a contratación de auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Trabada.

Lugar e prazo de presentación de instancias: No Rexistro Xeral do Concello de Trabada, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos: Os establecidos nas bases de convocatoria, publicados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>)

Sistema de selección: Oposición.

Mándao e asínao

Trabada, 17 de setembro de 2025.- O Sr. Alcalde, Rubén García Freije.

R. 2595

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2025, a corrección de erros da Plantilla de persoal do Concello de Viveiro para o ano 2025, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, así como de conformidade co artigo 90 da Lei de Bases de Réxime Local e 126 do Texto Refundido do Réxime Local, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 17 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 2596

XERMADE

Anuncio

PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES AGOSTO DE 2025.

Pola Xunta de Goberno Local do 11/09/2025 aprobouse o padrón correspondente o mes de AGOSTO DE 2025, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 06/10/2025.

Xermade, 16 de setembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2597

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – LUGO

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NA AREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E VECIÑAS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA ESFERA DA PARTICIPACION CIDADA. EXERCICIO 2025

BDNS (Identif.): 857504

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/857504>)

Advertidos errores no Extracto BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS NA AREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, ÁS ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E VECIÑAS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NA ESFERA DA PARTICIPACION CIDADA. EXERCICIO 2025, procédese a efectuar a oportuna corrección, remitindo o texto íntegro a publicar:

Primeiro. Bases Reguladoras

As Bases reguladoras que rexen a presente convocatoria foron aprobadas no acordo 11/373 da Xunta de goberno Local celebrada o 17/09/2025. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS); (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) así como na páxina web do concello (www.concellodelugo.gal) e Portal de Transparencia municipal

Segundo. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a regulación da concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo na Área de Participación e Servizos para a Veciñanza e vai dirixida ás asociacións de veciñas e veciños do termo municipal de Lugo, entendidas como tales aquelas que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, coa categoría de veciñal, para a realización de actividades relacionadas co fomento do asociacionismo e a democracia participativa a través do desenvolvemento de actividades neste ámbito.

Concretamente, irá dirixida as seguintes liñas de actuación para realizar no exercicio 2025:

Liña 1. Proxectos de utilidade pública e interese social, orientados á difusión e fomento do asociacionismo, voluntariado e participación cidadá na vida pública do concello, comprendidas no seu ámbito competencial e que o veñan a complementar, tomando como referencia as seguintes liñas:

Actividades que fomenten o asociacionismo e a implicación da cidadanía nos procesos de participación social.

Eventos, xornadas e actividades culturais e de formación, difusión, concienciación e debate de temáticas de interese social, igualdade de homes e mulleres, saúde pública, no ámbito da participación social.

Programas de integración de grupos vulnerables na vida social, que contribúan a facilitar a convivencia e que fomenten a responsabilidade social e a solidariedade.

Actividades de recuperación da historia social da cidade, das súas xentes, dos seus logros, das tradicións locais, e de dinamización social dos barrios.

Proxectos dirixidos a fomentar o uso de espazos de encontro virtual, e/ou fundamentados na utilización das novas tecnoloxías como vehículo de participación e traballo en equipo a través dos cales poder desenvolver a actividade asociativa e de participación dixital (desenvolvemento da súa conectividade).

Liña 2. Gastos de mantemento, pequena reparación e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas para desenvolver dentro do programa anual.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación

Terceiro. Entidades beneficiarias. Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Lugo.
- b) As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, coa categoría de veciñal, cunha antigüidade superior a UN ANO.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social.
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos no eido da Participación cidadá.
- g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de Participación cidadá realizada pola Área de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2025.
- i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva referido ao ano 2025.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo, con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Cuarto. Contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Área: Participación e Servizos para a Veciñanza

Aplicación presupuestaria: 92400.48900

Importe: 22.500,00 €

Quinto: Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os criterios establecidos no artigo 8 das bases reguladoras:

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa emenda a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal “considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda”.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nestas bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse asimesmo no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Sétimo. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de decembro de 2025. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade perceptora da subvención.

Lugo, 18 de setembro de 2025.- O Secretario da Xunta de Goberno Local, Mauricio Victorio Repeto Morban.

R. 2607